

Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

Resolución do 8 de outubro de 2024 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para de acceso por oposición libre nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, **convocado pola orde do 31 de maio de 2024, pola que se lle da publicidade a diversos acordos.**

Este tribunal, en sesión de data 8 de outubro de 2024,

ACORDOU

Informar ao persoal opositor das datas e lugar de realización así como comunicar as normas, desenvolvemento, descrición do terceiro exercicio deste proceso selectivo, correspondente as probas de aptitude física:

Lugar: Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, sito na rúa Padre Fernando Olmedo nº1, 36002, da cidade de Pontevedra

Datas e horario:

1. **19 de outubro de 2024 de 09:00* horas a 18:00 horas***
2. **20 de outubro de 2024 de 15:30* horas a 18:00 horas***

(horario do primeiro e último chamamento de cada día)*

NORMAS A TER EN CONTA na realización do terceiro exercicio (probas de aptitude física)

Co fin de garantir o correcto desenvolvemento deste exercicio, teranse en conta as seguintes normas:

- Terán a cualificación de apto/a ou non apto/a.
- Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte. A descrición das probas figura no anexo I desta Resolución.
- As persoas aspirantes entregaránlle ao tribunal, no momento do seu chamamento, **un informe médico no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a**



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

realización dos exercicios físicos deste proceso selectivo, o que non excluíra as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

Este informe médico deberá ser expedido dentro **dos quince (15) días inmediatamente anteriores a realización da proba (é dicir, posterior ao 4 de outubro de 2024)**.

- Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación, que se realizarán de forma colectiva.

Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitírase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto/a.

- A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante. **Cada exercicio é eliminatorio.** (A orde dos exercicios segundo o especificado nas bases da convocatoria e transcritos no anexo I desta resolución)
- As persoas aspirantes convocadas a este exercicio*, deberán presentar á realización das probas, no lugar e hora que se indicarán e acudir provistas **obrigatoriamente** de:

- **Documento Nacional de Identidade**
- **Informe médico expedido con data posterior ao 4 de outubro de 2024**, no que debe constar que **"é apto/a para a realización das probas de aptitude física que constan no anexo III da Orde do 31 de maio de 2024, acceso categoría de policía"**
- Roupa e co calzado que consideren adecuados para a realización de todas as probas descritas

Para a realización da proba de natación as persoas aspirantes empregaran un traxe de baño, que achegarán elas mesmas. Esta prohibido a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/ou incremento de velocidade de calquera tipo.



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

Non esta permitido o uso de ningún dispositivo electrónico na realización dos exercicios (tales como cascos de reprodución de audio, teléfonos móbiles.. etc.)

- Catro imperdibles para suxeitar o dorsal que será entregado no momento do chamamento
- As persoas aspirantes que non se presenten as probas na hora indicada, ou non acudan coa documentación obrigatoria indicada (DNI e informe médico) , non poderán realizar as probas de aptitude física e decaerán en todos os dereitos deste proceso selectivo.
- Unha vez efectuado o chamamento e accedido ao recinto o persoal aspirante seguirá en todo momento as indicacións deste Tribunal e do persoal colaborador, o incumprimento destas indicacións pode dar lugar a exclusión do proceso da persoa aspirante que incumpriu.
- De acordo co establecido na base tal 5.7, este tribunal designa como persoal asesor destas probas ao persoal que nomee a Federación Galega de Atletismo, con titulación e formación para exercer de xuíces, secretarios/as de competición e operadores do foto de chegada.

Esta resolución pode ser obxecto de recurso de alzada ante o director xeral da AGASP, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, 8 de outubro de 2024

A presidenta do Tribunal

María Rey Rivera



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

ANEXO I

DESCRIPCIÓN DAS PROBAS DE APTITUDE FÍSICA:

1ª. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo.

A persoa aspirante colocarse na pista no lugar sinalado e poderá realizar a saída de pé ou agachada, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) exixidas para a superación da proba son:

Homes: 7.40".

Mulleres: 8.20".

2ª. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres, suspensión en barra.

2ª.a) Flexión de brazos (homes):

Realizarase nun ximnasio.

Iniciarase desde a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans núa, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por riba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas, e efectuaranse de forma continuada.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo exixible é de 10 flexións.

2ª.b) Suspensión en barra (mulleres):

Realizarase nun ximnasio.

O exercicio consiste en permanecer, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, presa coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por riba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo exixido para a superación da proba é de 52 segundos.



Proceso Selectivo: Escala básica. categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.

Publicación bases e convocatoria: DOG Núm. 114 do 13.06.2024

Publicación nomeamento tribunal: DOG Núm. 152 do 07.08.2024

3ª. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase nun ximnasio, con chan horizontal e coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

A persoa aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura (realizarase o salto desde a posición de parada). Realizará un salto horizontal e caerá cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas exixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

4ª. Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase nunha pista de atletismo.

A persoa aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.

Será eliminado o/a corredor/a que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos e segundos) exixidas para a superación da proba son:

Homes: 3'30".

Mulleres: 4'10".

5ª. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

A persoa aspirante poderase colocar para a saída ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, e neste último caso deberá permanecer en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, as persoas aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 0'24".

Mulleres: 0'28".

